

GILBERT DE TOURNAI, *De modo addiscendi* (Sobre el modo de aprender). Edición bilingüe preparada por Javier Vergara Ciordia y Virgilio Rodríguez García. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos/Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2014 [Collectio scriptorum mediavalium et renascentium].

Un novo libro editado polo “Grupo de Estudios Medievales y Renacentistas” (GE-MYR), froito da colaboración editorial da UNED e da BAC, que rendeu xa notables froitos nun sector da investigación histórico-educativa esquecido fóra deste espazo investigador guiado polos profesores Javier Vergara e Francisco Calero, de tal modo que a *Collectio scriptorum mediavalium et renascentium* leva camiño de ser unha especie de *Monumenta paedagógica* hispana, recordando as empresas deste tipo desenvolvidas no pasado en Alemaña,

como sinalou o profesor Conrad Vilanou da Universitat de Barcelona.

Como se sinala na introdución do texto (p. XIV), Gilbert de Tournai (1209-1288) foi un mestre franciscano menor, persoa achegada á corte de Luis IX de Francia e profesor de Artes e Teoloxía en París, a quen lle coubo o honor de asentar, coa impronta de Alejandro de Hales, de Xoán da Rochelle e de Boaventura de Bagnoregio, de quen foi discípulo, as bases dunha pedagogía franciscana de acento agustiniano, que se manifestou nunha pedagogía acentuadamente cristocéntrica que fixo docultivo do hombre interior unha boa parte dos seus mellores anxeios, aínda que que con algún acenos provenientes do neoplatonismo e da ciencia greco-árabe da época, acenos estes máis encarecidos pola orde dominicana.


Gilbert de Tournai (Wibertus Tornacensis) elaborou unha das máis acabadas enciclopedias pedagóxicas da Idade Media (*Rudimentum –sive Erudimentum- doctrinae christianae*). Unha obra dividida en catro partes, escrita cara a 1260-1270, que segue o esquema das catro causas aristotélicas: final, eficiente, formal e final. O seu *De modo addiscendi* é a terceira parte, dedicada a examinar a causa formal da educación, ou como o mestre e o discípulo debían acadar conxuntamente a sabiduría. O resultado é un traballo pedagóxico dividido en dúas partes: unha primeira, moi recorrente, dedicada a examinar o que é a educación, os seus axentes e os seus fins; e unha segunda, innovadora, sobre como pensamos e aprendemos. O texto parece que obedece a unha petición para orientar a educación do mozo Xoán de Dampierre, fillo do conde de Flandes.

A obra estrutúrase en dous bloques de seis partes e 68 capítulos. O primeiro bloque comprende tres partes moi reiterativas da pedagogía medieval: Importancia da aprendizaxe e do estudo (8 capítulos); Sobre o papel do profesor (13 capítulos), e Sobre a instrución do alumno (10 capítulos). O segundo bloque, estruturado en tres partes, constituía todo un tratado de psicoloxía cognitiva franciscana.

A presente edición de 520 pp., con texto paralelo en latín e en castelán, enriquecida con un extenso e cuidado aparato crítico conformado polas numerosas notas de rodapé, consente da aparición no texto latino de 816 citas, vén antecendida por un igualmente coidado “Estudio preliminar” (pp. 5-208), no que se poñen de manifesto os máis notables aspectos biotopográficos, o contido substancial do conxunto da obra orixinal, o específico do texto que se edita, os trazos de estilo máis notados, o esclarecemento das fontes (bíblicas, patrísticas, autores antigos e medievais), o significado e proxección da obra, así como, por fin, a bibliografía que acompaña este Estudo, o moi valioso índice analítico, as obras citadas e a determinación dos acrónimos e das abreviaturas utilizadas.

Hai que destacar tanto a finura erudita como a rica hermenéutica presente neste estudo preliminar, logrando un texto sólido e terso na expresión, con factura sistemática e *more geométrica*, e de notable capacidade didáctica, que permite introducirse ao lector interesado no mundo do estudo, do saber e da espiritualidade cristiana do século XIII occidental.

Antón COSTA RICO
USC



CID GALANTE, Rosa (2014): *O Ensino Primario en Ourense no Primeiro Terzo de Século*. Ourense: Deputación provincial, pp 412

Rosa María Cid Galante, Licenciada e Doutora en Xeografía e Historia e Licenciada en Psicopedagogía, leva anos centrada na investigación da educación en Ourense e na educación da muller ourensá a comezos de século XX, sendo autora dunha tese sobre esta temática, ademais de ter realizado a primeira achega á Escola Normal de Mestras de Ourense.

Esta nova publicación, a cargo da Deputación Provincial de Ourense a finais do 2014, constitúe un estudo en profundidade do ensino primario en Ourense nuns tempos en que mellora lixeiramente a situación, cando o Ministerio asume as competencias centralizadas sobre o sistema educativo, pero a un ritmo mais lento do que demandan os novos tempos. Excepción a do curto período republicano en que se